



# RÍO MADALENA

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 6 km (Ida e volta)

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 2 horas



Unha pequena ruta a carón da vila de Vilalba seguindo o río Madalena.

O río Madalena é unha das cabeceiras do Ladra. Fórmase con varios regos que nacen na serra da Carba.

Ao longo da ruta están instaladas unha serie de esculturas dedicadas a distintos poetas relacionados coa Terra Cha, o “**Paseo dos Soños**”, unha iniciativa da Irmandade Manuel María.

A ruta comeza no muíño do Rañego, recentemente restaurado, pasa pola ponte e o muíño dos Pasos, a da Madalena (a carón da capela do mesmo nome), a praia fluvial, o muíño e a ponte dos Freires e remata na estrada de Vilalba ás Pontes.

## COMO CHEGAR:

Desde Vilalba cóllese a estrada que vai a Baamonde e a uns 500 m á dereita o cruce que nos leva ata o muíño do Rañego, onde deixamos o coche. Tamén se pode acceder a pé desde o centro de Vilalba por calquera das estradas que baixan ao río. A ruta está acondicionada e indicada.



Muíño do Rañego e o seu contorno.



Contraste entre a vexetación de inverno e primavera

Muíño dos Freires

